



O CÓDIGO DA VINCI: ÚLTIMO TEMA A DEBATER

Xa desde hai algúns meses estanos a rodear un afán por un libro; un tipo de afán que, a dicir verdade, eu nunca na vida vira. Na miña familia –como supoño que sucede nalgúnhas das vosas– esta no aire o debate sobre o tan chamativo libro, case todo o mundo o ten lido, e como non, aínda que comezou sendo líder de vendas no 2002 en cidades coma New York ou San Francisco, a día de hoxe é un bestseller con máis de 44 millóns de libros vendidos.

Combinando os xéneros de suspense detectivesco e esoterismo o tan interesante libro que ten embriagado xa moitas mentes é *O Código da Vinci*, un relato escrito polo estadounidense Dan Brown, e que aínda que para algúns resulta símbolo do paganismo cóntanos a historia dun misterioso crime acontecido no Museo do Louvre e a través do cal unen as súas forzas os dous protagonistas que ansían resolver un secreto vital para a humanidade relativo ao Santo Graal e María Magdalena, que por un lado uns tratarán de salvagardar e outros de destruír desapiadadamente.

Resolver o enigma converterase nun verdadeiro imperativo que chegará a implicar a submersión na loita entre algunhas forzas ocultas das máis antigas e poderosas do planeta; pero como comprenderedes vou ir pa-

rando, porque se non vou sacar ese enigma que moitos tedes por saber que e iso tan soado que fai que o libro sexa tan popular e enfrente ás persoas de mala maneira.

É unha novela que usa o mesmo personaxe principal que o anterior de *Ángeles y demonios*, que non alcanzou o éxito desta obra pero recoméndovos ler calquera das dúas. Se vos gusta ler non perdades a oportunidade de ler este magnífico libro, e aos que sexades máis preguiceiros, aforrades tempo e vedes ó magnífico Tom Hanks á fermosa Tautou (de "Amelie") na pantalla grande por un módico prezo. Desta maneira saberedes que é o que realmente ocorre no famoso mural de Leonardo da Vinci, pintado no s. XV no mosteiro de Santa María de Ile Grazien Milán, *A última cea*.

